



## CONTRATOS-PROGRAMA

Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros con programas seleccionados, conforme o disposto no artigo 13 da Resolución do 20 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2013/14, os contratos-programa con centros educativos e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Esta publicación abre un prazo de 10 días naturais para realizar reclamacións ou renuncias, as cales se poderán presentar no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ademais de utilizar esta vía, solicítase que envíen unha copia destas reclamacións ou renuncias escaneadas ao enderezo electrónico [programaseducativos@edu.xunta.es](mailto:programaseducativos@edu.xunta.es) ou, de non ser posible, ao fax núm. 981 546 550 co obxecto de axilizar este proceso.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2013

O presidente da Comisión de selección,

Manuel Vila López